



CONCELLO DE VIGO
Patrimonio, Contratación e
Compras

CONCELLO DE VIGO
REXISTRO DE SAÍDA
Nº 33237
Data 20/10/2017

DATA 20/10/2017	
REFERENCIA	Expte. 4486 /440
ASUNTO ADXUDICACIÓN OBRAS HUMANIZACIÓN DA RÚA GARCÍA LORCA	

DESTINATARIO CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. CONSTRUCCINES FECHI, S.L. ORESA, S.L. ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L. CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L. ORECO, S.A. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. COPASA LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A. COPCISA, S.A. UTE DRAGADOS, S.A.-EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, S.L. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. CIVIS GLOBAL, S.L. AVAN INTEGRAL, S.L. HIDROMIÑO, S.L. C.D. INDEPO, S.L. MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. NAROM, S.L. MISTURAS, S.A. CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. EXTRACO, S.A. UTE PRACE-COPSESA CONSTRUCCIONES VALE, S.L. HORDESCON, S.L. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.A.
--

A Xunta de Goberno Local, na sesión **extraordinaria e urxente do 19 de outubro de 2017**, adoptou o seguinte acordo:

9.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA GARCÍA LORCA. EXPTE. 4486/440.

Visto o informe de fiscalización do 16/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 13/10/17, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 13 de outubro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa García Lorca (4.486-440)

CONCELLO DE VIGO. Praza do Rei s/n. 36202 VIGO (PONTEVEDRA)



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2017 12:41	Páxina 1 de 4
Expediente 4486/440	Código de verificación: 23E24-55A84-CBDDDB-C3E32	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa García Lorca (4.486-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 5 de outubro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos o 26 de setembro de 2017:

1. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
2. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa García Lorca (4.486-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	ORECO, S.A.	94,59
2	C.D. INDEPO, S.L.	92,12
3	CIVIS GLOBAL, S.L.	91,75
4	AVAN INTEGRAL, S.L.	90,81
5	HIDROMIÑO, S.L.	90,19
6	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	89,20
7	EXTRACO, S.A.	88,99
8	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	88,85
9	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	88,72
10	MISTURAS, S.A.	88,50
11	UTE PRACE-COPSESA	88,37
12	UTE DRAGADOS, S.A. - EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, S.L.	88,31
13	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	86,80
14	HORDESCON, S.L.	86,45
15	CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	85,98
16	NAROM, S.L.	85,52
17	UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.A.	82,85
18	COPCISA, S.A.	82,17
19	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	82,03
20	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	81,36
21	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	79,61
22	ORESA, S.L.	76,93
23	LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	73,75
24	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	72,61
25	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.	71,27



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 20/10/2017 12:41

Páxina 2 de 4

Expediente 4486/440

Código de verificación: 23E24-55A84-CBDDDB-C3E32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 991,30 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., o día 6 de outubro de 2017, que presenta a documentación requirida o 11 de outubro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 13 de outubro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORECO, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORECO, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábles mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábles mediante fórmula, de datas 11 e 28 de setembro de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a ORECO, S.A., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa García Lorca (4.486-440) por un prezo total do contrato é de 1.105.893,35 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 191.931,90 euros".

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 20/10/2017 12:41

Páxina 3 de 4

Expediente 4486/440

Código de verificación: 23E24-55A84-CBDDDB-C3E32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

O que lle traslado para o seu coñecemento e demais efectos, significándolle que contra a anterior resolución poderá interpoñer recurso de reposición perante o órgano que a dictou no prazo de un mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, amolos dous contados dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación.

O contrato se formalizará con data 25 de outubro de 2017.

Achegamos os informes e documentación que motivan esta adxudicación.

ep

O Xefe da Oficina Administrativa de Contratación

José Manuel Vieites Alén



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 20/10/2017 12:41

Páxina 4 de 4

Expediente 4486/440

Código de verificación: 23E24-55A84-CBDDDB-C3E32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>